

O Recanto

No vintecinco cabodano de Don Ramón

Victorino Pérez Prieto

Na historia dos pobos hai épocas de esplendor e épocas de decadencia. Sen dúbida, os anos 20-30 foron anos de esplendor para Galiza, sobre todo para a cultura galega. Foron os anos da xeración "Nós", a máis senlleira e creativa das xeracións galegas: Vilar Ponte, Viqueira, Cabanillas, Losada Diéguez... e sobre todo Castelao, Risco, Cuevillas e Otero Pedrayo, "Don Ramón de Galicia", de quen celebramos agora o vintecinco cabodano.

Con razón dixo del Castelao "Abrazarte a ti é abrazar a Galicia". "O símbolo máximo da realidade galega", chamouno Ramón Piñeiro. Porque, coas palabras de Carballo Calero, temos que recoñecer que "ninguén nos ten dado unha imaxe de Galicia tan completa e total como Otero

Pedrayo"; ou con Manuel María: "Andar pola obra de D. Ramón é andar pola alma do pobo galego, sentila fondamente e sufrir con ela, como sufriron Rosalía, Curros e Castelao". Quizás por iso, Alvaro Cunqueiro chegou a dicir que "un tan nobre carballo só se dá unha vez na vida dunha nación". Estas loanzas, que recollo no meu libro "A xeración Nós. Galeguismo e relixión" (Vigo 1988), non son palabras ocas de tributo a un morto, senón xusta expresión da realidade.


Otero Pedrayo (1888-1976) é unha figura realmente titánica; primeiro expedientado e marxinado polo franquismo e logo estupidamente minusvalorada polos nacionalistas galegos dos anos 60-70, foi despois rehabilitado e valorado, pola cultura oficial e pola outra, no ano do cen-

tenario do seu nacemento, declarado con xustiza "Ano de Otero Pedrayo".

Don Ramón é, sen dúbida, unha das figuras máis grandes na historia de Galicia, non só pola súa inxente obra literaria, senón tamén pola súa personalidade a humanidade, parella ao seu corpulento e bonachón aspecto físico, que nos lembraba a algúns ao "bo papa Xoán". Tense salientado a estraña unanimidade que suscitou a figura de Otero Pedrayo, non só despois de morto, senón xa en vida, recoñecido unanimemente como patriarca das letras galegas. Posiblemente esta unanimidade veña da coherencia que mantivo toda a súa vida coa verdade, os ideais e a fidelidade ao país que un día descubriu. O seu galeguismo foi o resultado dunha

entrega total, xenerosa e incondicional á realidade galega, poñendo á súa disposición todo o seu valer. E a súa fe cristiá era o vencellamento co misterio do mundo e coa realidade de Deus Pai; xa nos anos 30, a revista compostelana Logos cualificara a Don Ramón como "a máis rexa personalidade leiga do catolicismo galego". Falaremos desta faceta súa noutra ocasión.

Con ocasión do seu pasamento, Conde Corbal pintou un fermoso e expresivo cadro que puxen na portada do meu libro "Galegos e cristiáns" (Vigo 1995): Don Ramón, enfundado no hábito franciscano e envolto na bandeira galega, vai nun cadaleito que levan os seus amigos vivos (Xoaquín Lourenzo, Paco del Riego, Filgueira Valverde, Paz Andrade,) e o cortexo fú-



nebre é ollado desde o Pórtico da Gloria polas figuras pétreas dos outros amigos que xa pasaran a mellor vida (Cuevillas, Castelao, Risco, Losada e Ferro Couso). Naquela ocasión fixera a oración fúnebre un vello amigo franciscano, o P. Isorna, que rematou dicindo: "A Galicia da terra perdeu ó seu meirande home. Pero, a Galicia do ceo gañou un non pequeno santo".